

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A AMPLIACIÓN DE CONTIDOS E A OPTIMIZACIÓN E MELLORA DA TECNOLOXÍA DO PORTAL XURÍDICO LEX.GAL A TRAVÉS DA APLICACIÓN DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL**

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2022

**REÚNENSE:**

**Don** \_\_\_\_\_, presidente do Parlamento de Galicia, que actúa no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, con sede na rúa do Horreo, núm. 63, de Santiago de Compostela.

**Don Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, que actúa de acordo coas facultades que lle atribúen os artigos 33 e 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, na súa redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de acordo co seu nomeamento de vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo no Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (DOG núm. 253 do 17 de decembro).

**Don Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1 de decembro).

**Dona María del Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, (en diante Amtega) cargo para o que foi nomeada polo Consello da Xunta na súa reunión do 15 de marzo de 2012, en función das atribucións que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos.

**Don** \_\_\_\_\_, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, (en diante USC) en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 57/2018, do 31 de maio, (DOG número 106 do 5 de xuño de 2018), que actúa en nome e representación da devandita entidade

en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que posúen recoñécense capacidade plena para se obrigaren nos termos deste convenio,

#### **EXPOÑEN:**

**I.** Que o Parlamento de Galicia (en diante, o Parlamento) é un poder estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia e que é a primeira das institucións da Comunidade Autónoma galega da que derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución española.

**II.** Que, conforme o artigo 16.3 b) do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Dirección Xeral de Xustiza –que depende desa consellería–, ten, entre outras funcións, a competencia do impulso do uso do galego na Administración de xustiza.

**III.** Que segundo o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, correspóndelle a esta consellería a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, a SXPL), as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivo impulsar e potenciar o emprego do galego de acordo co disposto no artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e, así mesmo, no artigo 27 do citado decreto de estrutura lle atribúe á Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre outras, as funcións de promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, así como promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística, e tamén, desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.

**IV.** Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, a Amtega) é unha axencia pública autonómica, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e ás comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

**V.** Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC) é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que ten entre os seus fins o de procurar o seu enraizamento na sociedade galega que a sustenta e, en xeral, contribuír ao seu progreso social, económico e cultural, sendo unha peza clave no proceso de normalización lingüística

tanto polos diferentes campos culturais que abrangue como pola súa condición de referente social de prestixio.

**VI.** Que a través de sucesivos convenios de colaboración entre as citadas entidades públicas galegas, desenvólvese un proxecto de Lexislación Galega Consolidada, cuxa finalidade principal consistiu na posta en marcha dun portal xurídico de lexislación consolidada. A execución deste proxecto permitiu poñer á disposición da sociedade a maior base de datos xurídicos en lingua galega, en liña e de balde, para o usuario.

**VII.** Que se considera de interese redeseñar e incorporar novos contidos ao portal xurídico que o fagan máis útil e atractivo para os cidadáns, de xeito que se logre en maior medida a finalidade de interese público común a todas as partes implicadas: a promoción do uso do galego no ámbito xurídico-académico.

## **ESTIPULACIÓNS:**

### **Primeira. Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento, as diferentes consellerías participantes da Xunta de Galicia, a Amtega e a USC, para a ampliación de contidos e a optimización e mellora da tecnoloxía do portal xurídico Lex.gal a través da aplicación de intelixencia artificial .

En concreto, este proxecto persegue os seguintes obxectivos xerais:

Primeiro: ampliar os contidos das seccións actuais do portal.

Na realización desta tarefa procurarase que o portal ofrezca aos usuarios en aberto, cando menos, a seguinte información:

1. As normas con rango de lei publicadas no DOG ata a data de fin do convenio.
2. Os decretos e ordes publicados na sección disposicións xerais do DOG ata a data de fin do convenio.
3. Unha selección das resolucións máis relevantes publicadas na sección de "Disposicións xerais" do DOG, dende o ano 1995 así coma, de estimarse oportuno, unha selección daquelas disposicións máis relevantes que, no seu caso, fosen publicadas noutras seccións do DOG.

Segundo: crear novas seccións:

1. Diseñar unha sección que conteña unha selección da normativa estatal consolidada traducida ao galego, a cal se levará a cabo ao longo do proxecto. A creación efectiva desta sección dependerá da posta a disposición do equipo Lex.gal dos textos en galego das normas en cuestión.

2. Crear unha sección na que se ofrecerán as versións consolidadas dunha selección das normas da Universidade de Santiago de Compostela.

Realizarase unha selección das normas da Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos criterios que se proporcionen ao equipo Lex.gal, a partir da cal se elaborarán as correspondentes versións consolidadas.

3. Incorporar á base de datos referencias á xurisprudencia do Tribunal Constitucional, na medida en que afecte ás novas normas que nela se publiquen. O grao de cumprimento deste obxectivo dependerá de que se poña a disposición do equipo Lex.gal a tecnoloxía necesaria.

4. Identificaranse as normas publicadas no portal que foron afectadas por sentenzas do Tribunal Constitucional e insertaranse as oportunas advertencias. O grao de cumprimento deste obxectivo dependerá de que se poña a disposición do equipo Lex.gal a tecnoloxía necesaria.

5. Incorporar á base de datos referencias á xurisprudencia da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Realizarase unha selección das sentenzas máis relevantes da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza ditadas en relación coas normas autonómicas publicadas na base de datos. O grao de cumprimento deste obxectivo dependerá de que se poña a disposición do equipo Lex.gal a tecnoloxía necesaria.

Terceiro: mellorar a tecnoloxía que da soporte a Lex.gal, centrada nas ferramentas de edición, etiquetado, enlazado e procura, así como na formalización e automatización do proceso que facilite a realización das tarefas de xeito máis eficiente. En concreto, as tarefas a desenvolver referiranse á:

- Análise de requisitos e necesidades de Lex.gal.
- Mellora na edición dos textos xurídicos.
- Mellora na indexación e etiquetado dos textos xurídicos.
- Mellora das procuras de Lex.gal
- Extensión do contido de Lex.gal.
- Mellora do enlazado do contido con outras fontes de información.

Cuarto: elaborar un novo protocolo científico-técnico de funcionamento do portal Lex.gal respecto das novas seccións a crear e adaptación, no seu caso, das seccións xa existentes aos criterios contidos no mesmo.

Este documento, de carácter científico-técnico, recollerá os aspectos fundamentais dos criterios e do procedemento seguido para a elaboración e selección de contidos do portal.

Quinto: identificar e solucionar as cuestións xurídicas esenciais para o funcionamento do portal que xurdan durante a execución do convenio.

Procederase á actualización da guía de solucións ás dúbidas de natureza xurídica xurdidas durante a execución do proxecto.

Sexto: deseñar e implementar unha estratexia de mellora da visibilidade do portal e do seu impacto social.

Deseñarase unha estratexia destinada a mellorar a visibilidade do portal e o seu impacto social, por exemplo, mediante a realización de actividades de difusión no ámbito académico, no sector público e privado, etc. Esta estratexia implementarase ao longo do período de duración do convenio.

## **Segunda . Partes do convenio**

1. O Parlamento de Galicia.
2. A Xunta de Galicia, coa implicación dos seguintes departamentos:
  - 2.1. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Xustiza.
  - 2.2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
  - 2.3. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
3. A Universidade de Santiago de Compostela (USC).

## **Terceira. Compromisos das partes**

Co fin de cumprir o obxecto e fins do convenio sinalados na estipulación primeira, as partes comprométense a seguir a planificación que se expón a continuación. No caso de non ser posible o seu cumprimento por mor das dificultades sobrevidas na execución das tarefas encomendadas a algunha das partes, comunicarase esta circunstancia ás demais partes do convenio e acordarase un plan de continxencia, mediante a sinatura da correspondente addenda ao convenio inicial.

Ano 2022:

- Redeseño dos contidos do portal e elaboración dunha proposta da nova aparencia do mesmo.
- Análise de requisitos e necesidades específicas de Lex.gal. Identificación e formalización dos requisitos e casos de uso específicos que cubrirán os desenvolvementos software a realizar no marco do convenio.
- Mellora na edición de textos xurídicos, a través do desenvolvemento dunha ferramenta máis adaptada ás necesidades dos usuarios á hora de revisar e propoñer modificacións, comentarios e adaptacións ás normas que farán parte de Lex.gal.
- Deseño e planificación da creación das novas seccións (xurisprudencia, normas universitarias, etc.).
- Deseño/actualización do protocolo científico-técnico de funcionamento do portal, tomando como base aqueles problemas que vaian xurdindo durante as tarefas de actualización.
- Deseño/actualización dos criterios susceptibles de incorporar á guía xurídica, tomando como base aqueles problemas que xurdan durante as tarefas de actualización.
- Inicio das tarefas de creación paulatina das novas seccións. Avanzarase nas diferentes seccións de xeito simultáneo.
- Ampliación e actualización dos contidos das seccións preexistentes do portal.
- Deseño dunha estratexia de mellora da visibilidade do portal para o período de duración do convenio.

Ano 2023:

- Continuación das tarefas de creación paulatina das novas seccións.
- Ampliación dos contidos das seccións preexistentes do portal.
- Actualización da guía de funcionamento do portal, tomando como base aqueles problemas que xurdan durante as tarefas de actualización levadas a cabo durante esta anualidade.
- Actualización da guía xurídica, tomando como base aqueles problemas que xurdan durante as tarefas de actualización levadas a cabo durante esta anualidade.

- Mellora na indexación e etiquetado dos textos xurídicos. Este obxectivo céntrase en soportar o etiquetado automático das normas a través da anotación semántica dos textos, mellorando a súa indexación e recuperación por parte dos usuarios. Este etiquetado inclúe, por unha parte, a identificación dos tópicos ou temáticas principais abordadas nas normas, e , por outra parte, metadatos adicionais que facilitarán o acceso estruturado aos textos, como a data de publicación da norma, o seu estado actual ou o departamento ao que está asociada.
- Mellora das procuras de Lex.gal. Preténdese cubrir unha das principais carencias da tecnoloxía actual, de modo que os usuarios poderán facer procuras moito máis flexibles tanto dende o punto de vista de procuras estruturadas como de procuras con texto libre. Ademais estas procuras estarán enriquecidas con información contextual dos termos utilizados polos usuarios, obtendo con isto uns resultados máis precisos e de maior interese.
- Establecemento da estratexia de mellora da visibilidade do portal.

#### Ano 2024:

- Continuación das tarefas de creación paulatina das novas seccións.
- Ampliación dos contidos das seccións preexistentes do portal.
- Actualización da guía de funcionamento do portal, tomando como base aqueles problemas que xurdan durante as tarefas de actualización levadas a cabo durante esta anualidade.
- Actualización da guía onde se compilen as dúbidas de natureza xurídica xurdidas durante a execución do proxecto.
- Extensión do contido de Lex.gal. Este obxectivo implica estender o contido Lex.gal con aquel correspondente ás resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditadas en apelación ou casación, nas que se conteña a interpretación do alcance de normas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como integrar unha sección de escolma sobre a normativa consolidada da USC.
- Instauración da estratexia de mellora da visibilidade do portal.

#### Ano 2025

- Finalización das tarefas de creación paulatina das novas seccións previstas.
- Ampliación dos contidos das seccións preexistentes do portal.

- Actualización e redacción definitiva da guía de funcionamento do portal.
- Elaboración da guía onde se compilen as dúbidas de natureza xurídica xurdidas durante a execución do proxecto.
- Mellora do enlazado do contido con outras fontes de información co fin de enriquecer as normas contidas na base de datos con referencias á xurisprudencia do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional, e a resolución publicadas na sección "outras disposicións" do DOG que afecten ás normas publicadas na base de datos. Con este fin, realizaranse automaticamente procuras nas correspondentes bases de datos, que usarán as etiquetas temáticas das normas publicadas en Lex.gal, obtendo un conxunto de referencias que se presentarán como recomendación aos usuarios para que as enlacen coas normas publicadas en Lex.gal. O nivel acadado na execución deste obxectivo dependerá do acceso e posible reutilización da información sinalada pola equipa de traballo.
- Instauración da estratexia de mellora da visibilidade do portal.

#### **Cuarta. Responsabilidade do proxecto e tarefas das partes asinantes**

1) O Parlamento, as consellerías e a Amtega, coa colaboración da USC, serán as encargadas de realizar as actuacións necesarias para desenvolver as actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continuo. As entidades asinantes, como coorganizadoras, terán unha participación activa e esencial na continuidade do proxecto e compartirán, nos termos que se indican, a titularidade na porcentaxe que corresponda e o uso dos materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

2) A participación dos especialistas da USC nas actividades recollidas neste convenio efectuarase conforme a regulamentación propia da USC recollida nos seus estatutos e no Regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril. Así mesmo, para o caso de participación de persoal do Parlamento ou colaboradores daquela institución, aplicarase a regulamentación propia da institución parlamentaria.

3) Calquera das institucións e entidades que participan no proxecto, cada unha no seu ámbito de actuación, dispón de persoal asignado aos servizos xurídicos, persoal docente investigador, lingüistas e a infraestrutura técnica e a tecnoloxía máis adecuada para garantir a consecución dos obxectivos de interese público perseguidos. Se fose necesario contratar medios humanos, técnicos ou materiais complementarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos obxecto do convenio, a devandita contratación realizarase de acordo coa normativa específica que resulte de aplicación.

As tarefas concretas de cada unha das partes asinantes serán as seguintes:

## O Parlamento de Galicia

En coherencia coa política de normalización lingüística desta institución, asume as tarefas de coordinación xeral e de sede operativa do proxecto. Ademais, desenvolverá, entre outras, as seguintes tarefas:

1. Facilitar o acceso aos seus fondos e arquivos documentais na medida en que sexan necesarios para a execución do convenio e de acordo coas súas propias normas de acceso e uso, e pór á disposición do proxecto os servizos xurídicos, lingüísticos e de documentación que, de ser o caso, se precisen.
2. Procesar, consolidar e poñer na plataforma de xestión as normas que se vaian incorporar ás diferentes seccións do portal Lex.gal (novas e preexistentes) a disposición do persoal da USC que se encargará da súa supervisión e publicación. Do mesmo xeito, colaborará no proceso de publicación dos contidos das seccións que, no seu caso, se creen no portal, seguindo o procedemento que en cada caso se estableza.
3. Manter actualizado, baixo o impulso e a dirección dos investigadores da USC, o portal xurídico.
4. Aportar a información requirida pola equipa da USC para a correcta execución do convenio.
5. Manter o contacto permanente cos directores técnicos do proxecto e recibir destes e do resto dos organismos implicados a colaboración necesaria para ampliar, actualizar e mellorar a tecnoloxía do portal xurídico.
6. Contribuír ao financiamento do proxecto.

## A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Xustiza

Asumirá o compromiso de elaborar, organizar e actualizar a versión consolidada dunha colección de lexislación estatal constituída polos textos legislativos que resultan máis susceptibles de consulta dentro do ámbito da xustiza, concretamente realizará as seguintes actuacións:

1. Compilar e agrupar nun só arquivo textual a lexislación publicada en galego no BOE seleccionada polos directores técnicos do proxecto, e de conformidade cos criterios técnicos propostos polas demais partes do convenio, co fin de ofrecer as correspondentes versións consolidadas.
2. Actualizar lingüisticamente e corrixir os textos legais de acordo coas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega, así como consonte a nova terminoloxía recollida no Dicionario da Real Academia Galega e no Dicionario Xurídico Galego.
3. Resolver coas demais Administracións implicadas as dúbidas que, eventualmente, se xeren no proceso anterior.

4. Actualizar o contido dos devanditos textos legais de xeito practicamente inmediato, empregando con este fin a tecnoloxía dispoñible en cada momento.
5. Aportar a información requirida polos investigadores da USC que sexa necesaria para a correcta execución do convenio.
6. Contribuír ao financiamento do proxecto

### **A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística asume o compromiso de colaborar activamente na elaboración da base de datos de lexislación galega e do portal xurídico, coas seguintes accións:

1. Contribuír á difusión e divulgación do portal de acordo coa estratexia elaborada a tales efectos.
2. Colaborar nas tarefas de corrección e supervisión lingüísticas que lle poidan ser solicitadas polo Parlamento de Galicia ou pola USC.
3. Achegar a información requirida polos investigadores da USC para a correcta execución do convenio.
4. Contribuír ao financiamento do proxecto.

### **A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**

A Amtega asume o soporte tecnolóxico do portal e da base de datos. Entre outras funcións concretas, desenvolverá as seguintes tarefas:

1. Definirá o modelo tecnolóxico para o sistema de información e portal, acorde cos criterios tecnolóxicos e de políticas web corporativas establecidas na Amtega.
2. Colaborará coa equipa da USC no deseño e instauración da tecnoloxía necesaria para mellorar o rendemento e operatividade do portal.
3. Xestionará o sistema que dará soporte ao portal xurídico.
4. Colaborará coa USC na realización das adaptacións necesarias para a creación do novo deseño e configuración do portal.
5. Aportará a información requirida polos investigadores da USC para a correcta execución do convenio.

## A Universidade de Santiago de Compostela

A USC acometerá as seguintes tarefas:

1. A dirección científico-técnica do proxecto, sendo a investigadora principal a profesora Diana Santiago Iglesias.

Para a execución deste proxecto, os especialistas da USC poderán contar coa colaboración de dous técnicos de apoio á investigación, contratados co fin de colaborar na execución das tarefas correspondentes á USC en virtude do presente convenio.

2. A supervisión do funcionamento xeral do portal Lex.gal e dos seus contidos, para o que propoñerá cantas modificacións considere oportunas para o desenvolvemento correcto do proxecto. Estas propostas técnicas, deberán trasladarse ao Parlamento de Galicia, en canto coordinador xeral do proxecto, para o seu visto bo quen, posteriormente, dará conta ás demais partes do convenio e, que se reflicten no protocolo científico-técnico de funcionamento do portal Lex.gal previsto na estipulación primeira, apartado cuarto deste convenio.

3. A proposición dos criterios para a ampliación/reestruturación da base de datos e para a mellora da súa tecnoloxía. Con este fin, elaborará unha proposta que deberá remitirse cada ano ao Parlamento de Galicia, en canto coordinador xeral do proxecto, para o seu visto bo, quen, posteriormente, dará conta ás demais partes do convenio.

4. A selección dos contidos (normas, xurisprudencia, etc.) que se incorporarán ao portal Lex.gal, que facilitará ás partes do convenio ás que lle corresponda o seu tratamento. No caso das normas estatais e da Universidade de Santiago de Compostela esta labor levarase a cabo en colaboración coa Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Xustiza e co servizo que corresponda da USC.

5. A revisión do proceso de incorporación de contidos ao portal Lex.gal (en particular, das normas e da xurisprudencia), notificando as incidencias que poidan xurdir ás partes do convenio ás que corresponda o seu tratamento e ao Parlamento, en canto coordinador xeral do proxecto.

6. A elaboración dunha proposta de contidos das diferentes seccións do portal. Esta proposta deberá trasladarse ao Parlamento de Galicia, en canto coordinador xeral do proxecto quen, posteriormente, dará conta ás demais partes do convenio.

7. A supervisión da instauración das diferentes seccións do portal e a revisión dos seus contidos, notificando as incidencias que poidan xurdir ao Parlamento, en canto coordinador xeral do proxecto.

8. A elaboración das propostas de mellora na tecnoloxía do portal, que serán trasladadas á Amtega en canto encargada do seu soporte tecnolóxico para a súa valoración: Análise de requisitos e necesidades de Lex.gal. Mellora na edición dos textos xurídicos. Mellora na indexación e etiquetado dos textos

xurídicos. Mellora das procuras de Lex.gal. Extensión do contido de Lex.gal. Mellora do enlazado do contido con outras fontes de información).

9. A colaboración coa Amtega na instauración das melloras tecnolóxicas que, no seu caso se acorden.
10. A elaboración do protocolo de funcionamento do portal, que deberá trasladarse ao Parlamento de Galicia, en canto coordinador xeral do proxecto, quen, posteriormente, dará conta ás demais partes do convenio.
11. A elaboración da guía xurídica, que deberá trasladarse ao Parlamento de Galicia, en canto coordinador xeral do proxecto, quen, posteriormente, dará conta ás demais partes do convenio.
12. A organización de actividades de difusión destinadas á consecución do fin anterior no ámbito da comunidade universitaria.
13. A información periódica ao Parlamento de Galicia, que asume a coordinación xeral do proxecto, do estado de execución do mesmo e das posibles incidencias no desenvolvemento das tarefas que corresponden á USC.

A USC comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato dalgunha das tarefas contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral, que dará conta ás demais partes do convenio para que a modificación sexa autorizada por estas.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, as partes modifican ou cambian algunha das tarefas contempladas nesta estipulación, esta modificación instrumentarase mediante a correspondente addenda.

#### **Quinta. Financiamento do convenio**

O Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia contribuirán ao proxecto cunha achega total de **276.874,00 €**. As achegas económicas das partes serán as seguintes:

#### **Ano 2022**

O importe total é de **65.218,50 €**, coa seguinte desagregación:

- O Parlamento de Galicia colaborará na realización do proxecto cunha achega de **48.218,50 €** con cargo á aplicación orzamentaria **01.01.111B.640.00** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Xustiza, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **5.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **05.22.131A.640.01** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **12.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **10.50.151A.640.6**, para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

### **Ano 2023**

O importe total é de **68.218,50 €**, coa seguinte desagregación:

- O Parlamento de Galicia colaborará na realización do proxecto cunha achega de **51.218,50 €** con cargo á aplicación orzamentaria **01.01.111B.640.00** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Xustiza, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **5.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **05.22.131A.640.01** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **12.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **10.50.151A.640.6**, para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

### **Ano 2024**

O importe total é de **69.218,50 €**, coa seguinte desagregación:

- O Parlamento de Galicia colaborará na realización do proxecto cunha achega de **52.218,50 €** con cargo á aplicación orzamentaria **01.01.111B.640.00** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Xustiza, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **5.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **05.22.131A.640.01** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **12.000,00 €**, con cargo á aplicación

orxamentaria **10.50.151A.640.6**, para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

**Ano 2025:**

O importe total é de **74.218,50 €**, coa seguinte desagregación:

- O Parlamento de Galicia colaborará na realización do proxecto cunha achega de **57.218,50€** con cargo á aplicación orxamentaria **01.01.111B.640.00** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Xustiza, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **5.000,00 €**, con cargo á aplicación orxamentaria **05.22.131A.640.01** para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización do proxecto cunha achega de **12.000,00 €**, con cargo á aplicación orxamentaria **10.50.151A.640.6**, para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto.

A Universidade de Santiago de Compostela colaborará na realización do proxecto cunha achega total de **80.462,99 €** con cargo os seus orxamentos coa seguinte desagregación por anualidades para contribuír ao pagamento dunha parte dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto:

- Anualidade 2022: 16.966,36 €

- Anualidade 2023: 18.584,79 €

- Anualidade 2024: 21.475,19 €

- Anualidade 2025: 23.436,65 €

O custo referido a valor/hora do grupo de traballo da Universidade de Santiago de Compostela que participa na dirección técnica e no mantemento do proxecto e os custos indirectos correspondentes a cada anualidade (**2022, 2023, 2024 e 2025**) son os seguintes:

Persoal investigador	Custe/ Hora	Nº anual de horas dedicadas	Importe anual			
			2022	2023	2024	2025
Investigador principal	42.53€	200	8.506,00 €	8.506,00 €	8.506,00 €	8.506,00€
Profesor Contratado Doutor (categoría						

equivalente ou superior) Diana Santiago Iglesias							
Profesor Titular de Universidade  (categoría equivalente ou superior; perfil xurídico) Yolanda Maneiro Vázquez	45.68€	135	6.166,80€	6.166,80€	6.166,80€	6.166,80€	6.166,80€
Profesor Contratado Doutor (categoría equivalente ou superior) Andrea Garrido Juncal	27.39€	40	1.095,60€	1.095,60€	1.095,60€	1.095,60€	1.095,60€
Catedrático de Universidade  (categoría equivalente ou superior) Alberto Bugarín Diz	49.67€	12	596,04€	596,04€	596,04€	596,04€	596,04€
Profesor Titular de Universidade  (categoría equivalente ou superior) Manuel Lama Penín	47.64€	56	2.667,84€	2.667,84€	2.667,84€	2.667,84€	2.667,84€
Profesor Axudante Doutor  (categoría equivalente ou superior) Juan C. Vidal Aguiar	29.77€	56	1.667,12€	1.667,12€	1.667,12€	1.667,12€	1.667,12€
Técnico Superior (formación xurídica)	22.44€	TC (100%)	34.993,24 €	37.796,21 €	40.297,96 €	44.303,05 €	
Técnico Superior (formación en Tecnoloxías Intelixentes)	22.44€	TP (50%)	17.496,56 €	18.898,23 €	20.148,95 €	22.415,67 €	
Custos indirectos	-	-	8.995,66 €	9.409,45 €	9.547,38€	10.237,03€	
<b>TOTAL ANUAL</b>			<b>82.184,8 6 €</b>	<b>86.803,2 9 €</b>	<b>90.693,6 9 €</b>	<b>97.655,15 €</b>	

Na táboa anterior indícase a composición inicial da equipa, que poderá ser modificada por circunstancias sobrevidas respectando, cando menos, a categoría e perfil profesional indicados na táboa. Así mesmo, de xeito excepcional, a distribución das horas de adicación entre os diferentes membros da equipa poderá ser modificada, previo acordo da comisión de seguimento do convenio e segundo os termos nel establecidos. Neste caso, as horas correspondentes ao membro do grupo de traballo que deba minorar a súa adicación por circunstancias sobrevidas poderán ser asumidas por outro membro do equipo de igual ou superior categoría profesional.

Deste xeito, o proxecto disporá dun orzamento total de **357.336.99€**, que se destinará na súa totalidade a cubrir o custo da dirección técnica e o mantemento do proxecto coa seguinte desagregación por anualidade:

Ano 2022: 82.184,86 €

Ano 2023: 86.803,29 €

Ano 2024: 90.693,69 €

Ano 2025: 97.655,15 €

Ademais das citadas achegas económicas, a USC contribúe ao proxecto coas achegas dos seus recursos materiais, e a adicación directa do seu persoal, nos termos reflectidos no cadro anterior.

#### **Sexta. Forma de pagamento e xustificación do convenio**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

A USC, para recibir as achegas económicas das diferentes unidades ou entes cofinanciadores por mor dos custos da dirección técnica e do mantemento do proxecto estipulados na cláusula anterior, presentará electronicamente, coa data límite do 20 de decembro de cada anualidade a seguinte documentación:

-Un certificado da persoa responsable da Xerencia da USC que acredite a execución das actividades do convenio, así como unha relación valorada das horas dedicadas ao proxecto polos especialistas (equipo de traballo) da USC.

-Unha memoria na que se fará constar de forma detallada as actuacións realizadas.

No caso de que a acreditación dos custos do convenio e, máis concretamente, a súa equivalencia en horas de dedicación ao proxecto, sexa inferior ao importe do convenio, a achega das diferentes unidades ou entes cofinanciadores diminuírase na mesma proporción.

Para os efectos de axilizar a tramitación do pagamento do convenio polas partes asinantes, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, asume as tarefas de comprobación da xustificación que presente a USC para acreditar as horas de dedicación ao proxecto polos seus especialistas. Sen prexuízo diso, logo da comprobación que corresponda, a SXPL dará conta do resultado ao resto das partes do convenio que, con cargo aos seus orzamentos, asumirán o pagamento das achegas económicas previstas neste convenio. Cada ente cofinanciador tramitará o expediente administrativo para o pagamento da súa achega. O pagamento realizarase na conta bancaria que sinale a USC mediante certificado acreditativo da súa titularidade.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, a USC deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor (SXPL) para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A USC facilitará toda a información que lle requira a SXPL, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral do Parlamento, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística facilitaralles unha copia de toda a documentación presentada pola USC ás diferentes unidades ou entes cofinanciadores xunto coa certificación da realización das actuacións pola USC, no momento que proceda tramitar os pagamentos.

#### **Sétima. Propiedade da base de datos e do portal xurídico**

1) A propiedade da base de datos e mais do portal xurídico será común das partes asinantes que, así mesmo, serán as titulares dos dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial respecto do contido intelectual do portal xurídico galego e da base de datos de lexislación, na mesma proporción que a súa contribución ao financiamento do proxecto estipulado na cláusula quinta deste convenio.

2) Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades do portal xurídico e da base de datos, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, en igual tamaño e consideración, os anagramas ou

logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia e do Parlamento de Galicia.

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

#### **Oitava. Comisión de seguimento**

Crearase unha comisión de seguimento das accións obxecto do presente convenio, facultada para proporlles ás partes as resolucións de cantas dúbidas xurdan na súa execución e presidida polo letrado maior do Parlamento, ou persoa na que delegue, e integrada ademais por:

- Unha persoa representante da USC, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da Dirección Xeral de Xustiza, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da Amtega, nomeada pola súa titular.

A comisión de seguimento manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas e xestionará calquera modificación que xurda no desenvolvemento do proxecto nun proceso de colaboración mutua entre as partes asinantes. Ás reunións da comisión asistirán os seus membros ou as persoas en quen deleguen.

A comisión poderá adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar o cumprimento do obxecto do presente convenio. Os acordos da comisión serán inmediatamente executivos.

#### **Novena. Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro do ano 2025, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

#### **Décima. Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do

15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente o respecto rigoroso á toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación será considerada causa específica de resolución deste convenio.

### **Décimo primeira. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei

1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

### **Décimo segunda. Causas de resolución**

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, as partes asinantes poderán, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

### **Décimo terceira. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. Neste punto e conforme a disposición adicional quinta da Lei 39/2015, o Parlamento rexerese polo previsto na súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo cuarta. Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo quinta. Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e o Parlamento de Galicia e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a estas institucións non se lles pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo sexta. Expediente anticipado de gasto**

Este convenio tramítase ao abeiro da orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola orde do 27 de novembro de 2000 e a orde do 25 de outubro de 2001, polo que, a súa vixencia queda sometida á condición suspensiva de que exista crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas que de ela se derivan no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, 2023, 2024 e 2025.

#### **Décimo sétima. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, será de aplicación á Xunta de Galicia a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que se refire ao contido da colaboración mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público. O artigo 14 prevé que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais da súa competencia.

Respecto do Parlamento de Galicia como primeiro poder público previsto no artigo 9.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia e ao abeiro da disposición adicional quinta da Lei 30/2015, lle será de aplicación a súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, no non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O presidente do Parlamento  
de Galicia

O vicepresidente primeiro e conselleiro de  
Presidencia, Xustiza e Turismo

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Universidade

Alfonso Rueda Valenzuela  
O reitor magnífico da Universidade de  
Santiago de Compostela

Román Rodríguez González  
A directora da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

María del Mar Pereira Álvarez